



BOLIVIA
BALLET FOLKLÓRICO de la PAZ – BAFOPAZ

O Ballet Folklórico de la Paz (BAFOPAZ) é unha institución creada en 2006 que se dedica á investigación, ensinanza e posta en escena dos bailes e danzas tradicionais bolivianas. A pesares da curta historia deste grupo, xa ten recorrido gran parte do país andino, así como diferentes países americanos e europeos. A variedade do seu repertorio musical e coreográfico, o vestuario e a súa riqueza escénica e interpretativa fan que BAFOPAZ sexa un dos grupos con máis proxección dentro do folclore boliviano.



COLOMBIA
«AGRUPACIÓN ARTÍSTICA DANZAR»

A Agrupación Artística “Danzar” da cidade de Cali, Colombia, foi creada no ano 2000 co obxectivo de fomentar a investigación cultural entre os máis novos, promovendo a cultura folclórica do seu país a nivel nacional e internacional. Para o enriquecemento dos seus coñecementos, desenvolven traballos teóricos e prácticos que permiten identificar as diferentes rexións do seu país e o seu enorme repertorio folclórico, contando coa participación

de persoas con experiencias previas e con coñecementos profundos nesta área. Un dos seus principais obxectivos é o de defender a súa identidade colombiana. O grupo, xa cunha grande experiencia, ten participado nos maiores festivais de Colombia e en países como Perú, Venezuela, Francia, Italia, Bélxica, Holanda, España e Portugal.



CHILE. BALLET FOLKLÓRICO DE TEMUCO – BAFOTE

O Ballet Folklórico de Temuco (BAFOTE) foi fundado no ano 1992 na capital da IX Rexión ou Rexión da Araucaria, situada ao sur de Santiago de Chile. O grupo está formado por mozos preocupados polo estudo, conservación e difusión do folclore chileno e conta cun enorme prestixio pola súa calidade artística e polo seu profesionalismo, realizando unha media de 50 actuacións anuais.



Ten recorrido todo o país chileno e a nivel internacional, xa visitou festivais de países como Alxeria, Bélxica, Portugal, Francia, Italia, España, etc. Nas súas representacións realiza unha variada mostra de músicas, bailes e vestuario das diferentes rexións do país suramericano, dende a costa ao altiplano andino, dende o norte até o sur e mesmo conta con danzas da illa de Pascua, no Pacífico.



PORTUGAL

«GRUPO ETNOGRÁFICO DE AREOSA»

O Grupo Etnográfico de Areosa (Viana do Castelo) foi creado no ano 1966, e dende entón tense convertido nun grupo de referencia no folclore portugués. O seu traballo na recuperación e divulgación das tradicións

populares ten feito que este grupo acadase o máis alto recoñecemento entre o público e institucións vinculadas ao folclore. O seu repertorio de música e danzas, así como a súa colección de traxes representa unha das mellores postas en escena que teñen paseado por festivais de Francia, Alemaña, Brasil, Italia, Bélxica, e en numerosas ocasións en España, sendo esta a súa cuarta participación no noso festival.



COREA
«KOTTI AND CHOI SUN DANCE» COREIA

Este grupo está formado por músicos profesionais e bailaríns estudantes da Universidade de Gongju Chungcheong, provincia do sureste da península coreana. Os membros do grupo están formados no baile, na música e nas tradicións coreanas dende os dez anos o que lles permite ter unha ampla experiencia no campo do folclore. O repertorio do grupo percorre diferentes rexións de Corea, de norte a sur e de este a oeste. Na súa dilatada historia, o grupo ten realizado actuacións en países como Francia, Turquía, Hungría, Serbia, Portugal e tamén en España.



TOGO
«BALLET BALLAFON»

“BALLAFON” é un grupo artístico nacido no ano 1981 e que na actualidade conta con uns 60 artistas, profesionais e polivalentes (bailaríns, músicos e cantantes). O seu espectáculo baséase en rituais de vudú, danzas sedutoras e representacións teatrais acompañadas de música e canto segundo o ritmo marcado polos tambores, instrumentos que poden chegar a medir tres metros de altura. Na súa longa historia, o grupo ten participado en festivais de Francia, Alemaña, Polonia, Bélxica, Holanda, Portugal, España, etc. A súa consagración chegou nos anos 1995 e 1996 ao se converter no protagonista dun programa documental da televisión chamado *Le monde est à vous*.



RUSIA-R. BURIATIA. «SELENGA»

O grupo “Selenga” foi fundado no ano 1992 na cidade de Ulan-Ude, e toma o seu nome do maior río da república de Buriatia, o Selenga, que leva as súas augas ao lago sagrado Baikal, o máis fondo do mundo. Buriatia ten fronteira con China e con Mongolia, e este feito fai que a cultura destes países exerza unha forte influencia sobre a de Buriatia, o que se reflicte nos bailes, na música, nos cantos, e no vestuario que o grupo Selenga presenta nas súas actuacións. Dende o ano 1995 ten participado en numerosos festivais de todo o mundo como Alemaña, Austria, Bélxica, Corea, España, EEUU, Francia, Holanda, Iraq, Italia ou Portugal.



BIELORRUSIA. FOLK DANCE ENSEMBLE «RADUGA»

O grupo “Raduga” foi creado en 1956. Representa os bailes tradicionais de varias rexións de Bielorrusia. Estes bailes representan diferentes momentos da vida cotián. Cor, orixinalidade e temperamento, están presentes no repertorio do grupo. É visíbel unha atmosfera festiva e un lirismo delicado que encanta e prende ao público cando cantan as mozas e bailan en roda, engalanadas con flores silvestres. Os públicos de Rusia, Ucraína, Uzbequistán, Moldavia e países bálticos (antiga Unión Soviética) están familiarizados co grupo, pero tamén ten actuado noutros



países como Polonia, Alemaña, Noruega, Exipto, Reino Unido, Nicaragua, Portugal, España ou Italia.



RUSIA-KRASNODAR
«STANICA»

“Stanica” é un conxunto de música, baile e canto creado no ano 1990 na cidade de Kuban, no Territorio de Krasnodar, aos pés das montañas do Caucaso, a onde chegaron os cosacos descendentes de Zaporozhe no século XVIII. Este grupo conta cun repertorio no que representa as tradicións do pobo cosaco, amante da liberdade e da independencia, pero tamén foi incorporando bailes e músicas ucraínas, rusas ou do norte do Caucaso. “Stanica” está formado por máis de 250 persoas con idades comprendidas entre os 7 e os 30 anos e o longo da súa traxectoria ten participado en festivais da República Checa, Ucraína, Polonia, Eslovaquia, Bulgaria, Turquía, Francia, España e Portugal.

